



Bases do torneo Hearthstone Xuventude Galicia Net

Hearthstone é un xogo online gratis de cartas de estratexia co que pode divertirse calquera. Os xogadores elixen entre un dos nove heroes épicos de Warcraft® e logo xogan por quendas usando cartas do seu mazo personalizado para lanzar potentes feitizos, usar armas ou facultades heroicas, ou invocar a poderosas personaxes para esmagar ao inimigo.

Brackets

Regulamento

Non hai limite de pos arcanos para as barallas.

O Torneo inicialmente está pensado para un máximo de 128 persoas, pero segundo o número de inscricións reservámonos o dereito de aumentalo.

O Torneo realízase en 2 brackets.

Un bracket torneo onde se xogará ao mellor de 3 partidas ata o top 8.

Un bracket cos 8 clasificados do primeiro, onde se xogará a gañar cos 3 mazos.

Modo Conquista:

O modo conquista, é aquel no cal ti xogas con 3 mazos (ou menos, dependendo da fase do torneo), e cando vences cun deses mazos, non podes volver usalo durante o enfrontamento.

Se o teu mazo é derrotado, si, podes volver usalo.

Non se poderán usar diferentes mazos dun mesmo heroe, debes dispoñer de 3 mazos, con 3 diferentes heroes.

Datos e consellos:

Os participantes que non coñezan o battle.tag do seu oponente deberanse poñer en contacto coa organización, non se buscará a ninguén que tarde en aparecer para o seu enfrontamento, nin se agardará por riba dos 15 minutos de cortesía.

É obrigatorio de cada participante contactar co seu adversario á hora das partidas. Se ao comezo dun enfrontamento aínda non foi posible contactar co contrario deberase enviar obrigatoriamente unha mensaxe á organización expoñendo a situación.

É responsabilidade de cada un encargarse de xogar e de que o seu oponente xogue ou conceda a partida. Se agardas por alguén, e ao final non aparece, pasado o tempo que ti decidiches darlle por riba de 15 minutos, ámbolos dous seredes descualificados.

No teu perfil de mazos en HearthStone, só poderás ter completos e válidos 3 mazos, os cales deben ser en todo caso de heroes diferentes. Recomendamos que para que non perdas os teus outros mazos, simplemente lles elimines unha carta, deixándoos como “Non válidos” para xogar.

Horarios

Os horarios do torneo poderían solaparse con outros torneos, non se agardará por ninguén máis dos 15 minutos de cortesía, sexa cal fose a excusa.

De non presentarse a tempo suficientes xogadores do equipo, todos serán automaticamente eliminados

A organización pode cambiar estas normas sen previo aviso.

A decisión dun árbitro é incuestionable, sempre terán a última palabra sobre as normas durante unha disputa.

É recomendable gardar capturas de pantallas de todas as partidas coa hora e data. Non se aceptan reclamacións verbais.